

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA VINTE E SETE DE XULLO DE 2010, CON CARÁCTER
ORDINARIO.**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS
Escusa asistencia D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día vinte e sete de xullo de dous mil dez, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, réunese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior


Dáse conta da acta da sesión celebrada o vinte de xullo do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade dos asistentes

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia num.1.125/10 de don Jesús Fuentes Fernández

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santiago de Compostela, solicita licenza para a rehabilitación dun alboio, de aproximadamente 42 m² en planta, consistente en cambiar o tellado colocando uralita e tella, situado en Outeiro- Santa Cruz de Ribadulla, en solo cualificado no PXOM como solo de núcleo rural (N-1)

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma (incluídas as vigas ou viguetas da cuberta) e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldrons, non permitíndose a apertura de novos ocos; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica e en cumprimento do artigo 3 do



R.D. 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de trinta e un euros con noventa e oito céntimos (#31,98#)

2.2.- Instancia num. 1124/10 de don Manuel Costa Carneiro

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Xián de Sales, solicita licenza para a rehabilitación de vivenda, de aproximadamente 120 m², consistente no cambio do tellado colocando uralita e tella, situada en Cibrán (num. 35), en solo cualificado no PXOM como solo urbano (U-1)

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma (incluídas as vigas ou viguetas da cuberta) e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldrons, non permitíndose a apertura de novos ocos; e en cumprimento do artigo 3 do R.D. 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de noventa e un euros con trinta e sete céntimos (#91,37#)

2.3.- Instancia num. 367/10 da Asociación de Veciños San Pedro

Dáse conta da citada instancia na que don Manuel Barco Carril, en calidade de Presidente da AA.VV. San Pedro de San Pedro de Sarandón, solicita licenza para o acondicionamento do local social para a instalación de velatorio, situado en San Pedro, en solo cualificado no PXOM como solo de núcleo rural (N-) e como dotación sociocultural (SC-9)

Dáse conta asimesmo que as citadas obras contan coa autorización da Consellería de Sanidade (expediente SA440A 2010/3-1) e a citada actividade non está sometida ó procedemento de incidencia ambiental

A Xunta de Goberno acorda:

1º.- A vista do informe favorable do técnico municipal, acorda concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado e os seus anexos nº 1 e nº 2; todos os residuos xenerados serán entregados a xestor autorizado; o local terá uso exclusivo de velatorio e de acordo co establecido no artigo 3 do R.D. 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

2º.- Asimesmo acorda concederlle a exención das taxas e impostos municipais correspondentes, ó tratarse dunha obra comunitaria de interese social



2.4.- Instancia num. 1139/10 de don José García Pazos e dona Mercedes Rendo González

Dáse conta da citada instancia na que os interesados, con domicilio en Ponte Ulla (Ponte Ulla) solicitan licenza para regularización da configuración de parcelas colindantes, en 2 fincas resultantes, de parcelas ubicadas no lugar de Retorta (Ponte Ulla), en solo cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal como Solo Rústico de Especial Protección Paisaxística (ordenanza R-7), de acordo co proxecto técnico presentado firmado por José C. Arrojo Lois en calidade de arquitecto e de data 22 xullo de 2010.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable dos servizos técnicos municipais, acorda concederlle a licenza para a regularización da configuración de parcelas colindantes descrita no proxecto mencionado, no lugar de Retorta da parroquia de Ponte Ulla, nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, que deberán ser ingresadas na Tesoureiría municipal, requisito sen o cal esta licenza surtirá efecto algún, e que ascenden á cantidade de 120,00 euros

2.5.- Instancia num. 1.150/10 de don Jesús Manuel Cajaraville Pegito

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Vedra, solicita licenza para a rehabilitación dun alboio, de aproximadamente 112 m2 en planta, consistente en cambiar o tellado colocando uralita de cor tella, situado en Roelle, en solo de expansión dos núcleo rurais (N-2) segundo o PXOM.


A Xunta de Goberno, á vista do informe do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma (incluídas as vigas ou viguetas da cuberta) e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns, non permitíndose a apertura de novos ocos; e en cumprimento do artigo 3 do R.D. 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de trinta e catro euros con dezaioito céntimos (#34,18#)

2.6.- Instancia num. 1154/10 de don Manuel Adolfo Vigo Trigo

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda, consistente en cambiar o tellado, colocando uralita e tella, situada en Tomonde (num.31) , en solo de núcleo rural (N-1) segundo o PXOM

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma (incluídas as vigas ou viguetas da cuberta) e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns, non permitíndose a apertura de novos ocos; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do



medio rural de Galicia, a tella será cerámica e de acordo co establecido no artigo 3 do R.D. 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de corenta e cinco euros con sesenta e oito céntimos (#45,68#)

2.7.- Instancia num. 1.136/10 da Asociación Xuvenil A Dorna de Trobe

Dáse conta da citada instancia na que don Gerardo Cerdeira Souto, en calidade de representante da Asociación Xuvenil A Dorna de Trobe, solicita licenza para a instalación dun parque biosaudable no campo da festa de Trobe, clasificado no PXOM como solo rústico de protección ordinaria (R-1) e cualificado como zona libre (ZL-22)

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: emprazaranse a máis de 30 mts de distancia dende a aresta exterior da explanación da estrada autonómica e a máis de 50 mts do cruceiro existente na parcela. Ademais en cumprimento do artigo 3 do R.D. 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Asimesmo acorda concederlle a exención das taxas e impostos municipais correspondentes, ó tratarse dunha obra comunitaria de interese social

2.8.- Instancia num. 1.160/10 de don Ramón Vaamonde Araujo

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda, de aproximadamente 60 m2 en planta, situada en A Famelga (num. 4), en solo cualificado no PXOM como solo de núcleo rural (N-1)

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma (incluídas as vigas ou viguetas da cuberta) e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldrons, non permitíndose a apertura de novos ocos; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica e de acordo co establecido no artigo 3 do R.D. 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de corenta e cinco euros con sesenta e oito céntimos (#45,68#)

3º.- Certificacións de obras



3.1.- Certificación num. 1 e final da obra *Acondicionamento de vías en Socastro, Neira de Arriba, San Fins de Sales, Buxeiros, Cubelas, O Francés e Cimadevila (10.2100.0240.0)*

Dáse conta da certificación num. 1 e final da obra *Acondicionamento de vías en Socastro, Neira de Arriba, San Fins de Sales, Buxeiros, Cubelas, O Francés e Cimadevila (10.2100.0240.0)*, incluída no POS 2010, e máis da factura num. E00158/10 da empresa adxudicataria Obras y Viales de Galicia, S.L, por importe de noventa e sete mil trescentos setenta euros con trinta e catro céntimos (#97.370,34#)

A Xunta de Goberno acorda aprobar a certificación e máis a factura polos traballos relacionados na mesma

3.2.- Certificación nº 5 e última da obra *Reforma e ampliación do centro da terceira idade*

Dáse conta da certificación num. 5 e última da obra *Reforma e ampliación do centro da terceira idade*, financiada no cento por cento (100%) pola Deputación Provincial segundo convenio asinado (244/2009), e máis da factura num. OCV.009 da empresa adxudicataria Promotora Matimán, S.L por importe de vinte e cinco mil setecentos vinte euros con setenta e tres céntimos (#25.720,73#), sendo o director da obra o arquitecto municipal don Fernando Faya Martínez

A Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar a certificación e máis a factura polos traballos relacionados na mesma

2º.- Que se incorpore o citado ben ó Inventario Municipal de Bens deste concello facendo constar nos correspondentes asentos que queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos

4º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

4.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data catorce de xullo do ano que andamos, pola que se acorda requirir á empresa RAMSA para que no prazo de un mes presente a documentación pertinente para rematar o expediente en trámite instruído para a *Construción de escombreira en finos, nova balsa de decantación e ampliación na zona do banco 3 na explotación Serrabal* (expediente 2/96) coas ampliacións e demais que corresponda, no seu caso, segundo o criterio descrito na sentenza de data 22/04/2010 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela en autos do procedemento ordinario 92/2009.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

4.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data quince de xullo do ano que andamos, pola que se lle concede ós herdeiros de Manuel Vázquez Picón un prazo de un mes para que proceda á limpeza da parcela num. 802 do polígono 2 do plano do catastro de rústica, sita en Romarís -San Xián de Sales e mantela en con-



dicións de seguridade, salubridade e outras segundo establece o artigo 9.1b) da Lei 9/2002, do 30 de decembro.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

4.3.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data quince de xullo do ano que andamos, pola que se lle concede a dona Dolores Iglesias Gacio un prazo de un mes para que proceda á limpeza da parcela num. 915 do polígono 3 do plano do catastro de rústica, sita en Cibrán -San Xián de Sales, e mantela en condicións de seguridade, salubridade e outras segundo establece o artigo 9.1b) da Lei 9/2002, do 30 de decembro.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

4.4.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data quince de xullo do ano que andamos, pola que se lle concede a dona Teresa González del Valle un prazo de un mes para que proceda á limpeza da parcela num. 829 do polígono 2 do plano do catastro de rústica, sita en Calzande -San Xián de Sales, e mantela en condicións de seguridade, salubridade e outras segundo establece o artigo 9.1b) da Lei 9/2002, do 30 de decembro.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

4.5.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dezanove de xullo do ano que andamos, pola que se lle concede ós propietarios das parcelas nums, 77, 78, 79, 81, 82, 83, 84 e 85 un prazo de un mes para que procedan á limpeza das mesmas, sitas en Paizás -San Andrés de Trobe, e mantela en condicións de seguridade, salubridade e outras segundo establece o artigo 9.1b) da Lei 9/2002, do 30 de decembro.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

4.6.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dezanove de xullo do ano que andamos, pola que en relación co expediente de reposición da legalidade por obras de cerramento en Canicoba, acórdase ratificar o contido da Resolución da Alcaldía de data 5 de xullo de 2010 e en consecuencia desestimar o recurso de reposición interposto por don Marcelino López Tato.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

4.7.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dezanove de xullo do ano que andamos, pola que en relación co expediente instruído por mor das obras executadas por dona Carmen Costa Piñeiro no lugar de Paradela -San Xián, consistentes na construción dun peche da parcela, acórdase suspender o acto de execución subsidiaria consistente na demolición previsto para o 20 de xullo e concederlle á interesada un novo prazo para a demolición do mesmo ata o 10 de agosto

A Xunta de Goberno dáse por enterada

4.8.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e un de xullo do ano que andamos, pola que se acorda iniciar os trámites oportunos para a organización da viaxe institucional con motivo dos actos do Centenario das Sociedades Emigrantes de Vedra en Bos Aires .

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5º.- Outros asuntos



5.1.-Solicitud de cesión en propiedade de vehículo de protección civil

Dáse conta da Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 25 de xuño de 2010 pola que se regulan a convocatoria de subvencións e os criterios de repartición do Fondo de Compensación Ambiental (DOG num. 125/10, do 2 de xullo)

Ó abeiro da mesma, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Solicitar a cesión en propiedade dun vehículo previsto nesta orde , aceptando integramente os termos e prescricións dela e as súas condicións de financiamento

2º.- Facultar ó Alcalde -Presidente do concello para aceptar a devandita cesión, no caso de resolución favorable da Consellería

Conclue ó fio das vinte e unha horas e corenta e cinco minutos

